

**Lei 10/1992, do 30 de xullo, pola que se declaran de interese social as obras precisas para a construción-ampliación do recinto feiral e das instalacións complementarias que promova ou execute a fundación Semana Verde de Galicia**

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 217, do 4.12.1991.

Emendas, BOPG núm. 251, do 20.3.1992.

Debate de totalidade, DSPG núm. 10, do 7.4.1992.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 265, do 6.5.1992.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 270, do 19.5.1992.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 270, do 19.5.1992.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 117, do 26.5.1992.

Publicación:

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 286, do 15.6.1992.

*Diario Oficial de Galicia* núm. 162, do 20.8.1992.

*Boletín Oficial del Estado* núm. 247, do 14.10.1992.

## **Lei 10/1992, do 30 de xullo, pola que se declaran de interese social as obras precisas para a construción-ampliación do recinto feiral e das instalacións complementarias que promova ou execute a fundación Semana Verde de Galicia**

A fundación Semana Verde de Galicia, constituída o 16 de marzo de 1991, clasificada como benéfico-privada, e declarada de interese galego por ordes da Consellería da Presidencia e Administración Pública do 9 e do 10 de xullo do presente ano, respectivamente, ten como fins a promoción de actividades agropecuarias, agroindustriais, alimentarias, comerciais, sociais, educativa, de lecer e calquera outra que teña por obxecto a promoción e o desenvolvemento destes sectores en Galicia, o nivel profesional do sector agrario, o seu nivel cultural e en xeral a elevación da calidade de vida e do nivel socio-económico; en particular, e con base no exposto, a fundación leva a cabo as seguintes actividades:

Apoio ós obxectivos e ás actuacións da asociación feiral Semana Verde de Galicia.

Promoción de estruturas comerciais e patrocinio de feiras sectoriais, exposición e lonxas de contratación.

Formación profesional das xentes do campo e de tódolos sectores con el relacionados.

Patrocinio do certame anual Semana Verde de Galicia.

Fins, todos eles, de indubidable interese social.

Por outra banda, o desenvolvemento acadado pola feira internacional Semana Verde de Galicia, que con carácter anual se vén celebrando en Silleda, e a súa incidencia nos sectores agrícola, gandeiro e alimentario de Galicia colócana entre as máis importantes de Europa.

Malia a súa importancia, esta feira véñse desenvolvendo nunhas instalacións precarias e inadecuadas, o cal, por unha parte, limita a súa expansión e o seu desenvolvemento e, pola outra, pon en perigo a súa propia supervivencia e a importante función económico-social que lle é inherente.

Para a consecución das instalacións necesarias para o cumprimento eficaz dos seus fins, a

feira internacional Semana Verde de Galicia vese na necesidade de dispoñer o máis rapidamente posible dos terreos que precisa adquirir, conscientes de que unha demora no dito poder de disposición poñería en perigo o importante fin social desta institución.

Por todo isto faise necesario dota-la fundación Semana Verde de Galicia do instrumento xurídico que lle permita exercitar, por causas de interese social, o dereito á expropiación forzosa e urxente ocupación dos terreos necesarios para o novo recinto feiral, nos termos que se determinan na vixente Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, e no seu regulamento, do 26 de abril de 1957.

A todo isto pódese engadir que constitúe unha competencia propia dos poderes públicos de Galicia a promoción dos certames feirais, polo que o fin expropiatorio garda unha evidente conexión coas funcións que neste eido vén desenrolando o Goberno galego.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei pola que se declaran de interese social as obras precisas para a construción-ampliación do

recinto feiral e das instalacións complementarias que promova ou execute a fundación Semana Verde de Galicia.

## Artigo 1

1. Decláranse de interese social, de conformidade coa vixente Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, as obras precisas para a construción-ampliación do recinto feiral e das instalacións complementarias que promova e execute a fundación de interese galego Semana Verde de Galicia, con sede na vila de Silleda (Pontevedra), e que sexan necesarias para o mellor cumprimento dos seus fins benéficos.

2. Esta lei seralles aplicable ás obras de construción de novos recintos feirais en Galicia, así como ás de ampliación dos xa existentes, sempre que contén coa declaración de interese social acordada pola Xunta de Galicia.

## Artigo 2

Para os efectos da presente lei, considéranse afectados pola declaración de interese social a que se refire o artigo anterior os bens, dereitos e intereses patrimoniais abranguidos no perímetro do recinto feiral que se delimite no proxecto concreto de execución da obra elaborado pola fundación Semana Verde de Galicia e aprobado pola Xunta de Galicia.

### Artigo 3

O interese social do fin expropiatorio levará implícita a declaración de urxente ocupación de tódolos bens e elementos materiais constitutivos do obxecto expropiado, na forma delimitada polo artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

### Disposición derradeira

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 1992

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente